

La Federacion de Industria de Galicia celebrou o pasado día 11 de outubro en Vigo unha xornada de Igualdade dirixida a todos as persoas das seccións sindicais das súas respectivas empresas do sector da industria de Galicia que son responsables en materia de Igualdade e na que participaron:

- Mercedes Carrera González - Responsable Igualdade de Industria Galicia
- Isabel Rodero - Responsable Igualdade Federación Estatal Industria

O obxectivo da xornada foi compartir experiencias e propostas para traballar a igualdade de xénero. Estimular, orientar e fomentar unha maior sensibilización sobre o significado da Igualdade e os valores que permitan eliminar os prexuízos culturais e os estereotipos e favorecer a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Potenciar a negociación colectiva como instrumento eficaz na consecuencia da igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral.

Fomentar e recoñecer a responsabilidade social das empresas en materia de igualdade de xénero.

Avanzar na conciliación laboral, familiar e persoal dos homes e mulleres.

